Concello de Vilagarcía de Arousa

Economía Sostenible

RESOLUCIÓN DE LA ALCALDIA

Sra. Alcaldesa Presidenta

Dª. María Dolores García Giménez

O artigo 105.2 da Lei 30/92 de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, reformada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro expresa: "As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

Detectado erro no anuncio e no prego de cláusulas administrativas do procedemento negociado con publicidade denominado "Humanización do entorno do río do Con – Fase 2", no referente á clasificación do contratista. Xa que se fixo constar "Grupo G, Subgrupo 6 Categoría e", cando a correcta sería: "Grupo G, Subgrupo 6, Categoría d"

Tendo en conta o previsto na Lei 30/92 antes referida, a Resolución da Alcaldía de data 29 de xuño de 2009, pola que se delegou na Xunta de Goberno Local distintas competencias en materia de contratación, o disposto polo artigo 21 da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local,e na Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público

RESOLVO

1. Corrixir o erro detectado, na clasificación esixida ó contratista, no prego de cláusulas administrativas particulares e no anuncio de licitación da obra "Humanización do entorno do río do Con – Fase 2" publicado no perfil do contratante do Concello de Vilagarcía, e onde di "Grupo G, Subgrupo 6 Categoría e" debe dicir "Grupo G, Subgrupo 6, Categoría d".

2. Ampliar o prazo de presentación de solicitudes de participación na citada licitación en tres días hábiles, é dicir ata o mércores 15 de xuño de 2010 ás 14.00 horas.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa a tres de xuño de dous mil dez, ante mín, Secretaria Xeral, que tomei razón.

Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa ALCALDIA

Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa SECRETARIA